



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº7/2017, ORDINARIA, REALIZADA O 28 DE SETEMBRO DE 2017.

ASISTENTES

Presidente

Sr. Alcalde, FERNÁNDEZ MOURIÑO, José Luis (PP)

Concelleiros/as

Grupo municipal do PP

DUARTE GERPE, Florinda
RAMILO VARELA, Margarita
GARCÍA GONZÁLEZ, Alfonso
BARBEITO REY, Carlos
MONTES MARTÍNEZ, José Manuel
REGUEIRA MOAR, Rubén

Grupo municipal do PsdeG-PSOE

COUTO LÓPEZ, Pablo
CETINA MOCHALES, Jesús Javier
BLANCO FIDALGO, Patricia
RODRÍGUEZ LADO, Manuela Candelaria

Grupo municipal mixto

BERGONDO TRILLO, César Manuel (ACC/SON)

Interventora do Concello

Noemí González Mato

Secretario do Concello

Diego García Doval

NON ASISTE

ORGEIRA CAMPELO, José Francisco (PSdeG-PSOE)

HORA DE INICIO: 12:05

HORA DE REMATE: 12:59

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 12:05 horas do 28 de setembro de 2017, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto do 25 de setembro de 2017, e segundo o acordo plenario do 9 de xullo de 2015 polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnen-se na sesión 7/2017, de carácter ordinario, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

Parte resolutiva da sesión

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior (nº 6/2017, ordinaria, do 03 de agosto de 2017).
- 2.- Proposta de fixación de festas laborais locais para 2018.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

3.- Proposta de aprobación da conta xeral do Concello de Carral correspondente ao ano 2016 e rendición dela ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Cuentas.

Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

4.- Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.

5.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

6.- Rogos e preguntas.

PARTE RESOLUTIVA DA SESIÓN

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (Nº 6/2017, ORDINARIA, DO 03 DE AGOSTO DE 2017).

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 6/2017, ordinaria, do 03 de agosto de 2017 .

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación a acta, e esta é aprobada, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron á sesión referida entre os presentes nesta .

1.bis.- PROPOSTA PARA DARLLE O NOME "JOSÉ ANTONIO GILDA FERREIRO, "GILDA" " Á CASA DA XUVENTUDE DA VILA DE CARRAL.

O señor Alcalde indica que, a proposta do grupo municipal do PSdeG-PSOE, segundo o establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante), que fai súa, quere introducir un novo punto na orde do día da sesión, por urxencia (art. 83 ROF *contrario sensu*), e ao inicio dela pola relevancia que ten a proposta dende o punto de vista institucional ao seu xuízo (art. 91.3 ROF). Explica que nos próximos días se inaugurará a Casa da Xuventude de Carral e que, a proposta do devandito grupo municipal do PSdeG-PSOE, se pretende poñerlle a tal instalación municipal o nome de José Antonio Gilda Ferreiro, "Gilda", xa falecido, e moi vencellado á xuventude dende que veu de Inglaterra. Aos efectos de introducir o punto na orde do día, sométese polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da proposta, e esta é aprobada por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión, polo que se pasa ao seu ulterior debate e votación.

O señor Couto López (Grupo municipal do PSdeG-PSOE), dá lectura á proposta do seu grupo, como segue:

"EXPOSITIVO:

Cando un pobo, decide facer un homenaxe, render tributo a unha persoa, en definitiva darlle as grazas, soe estar motivado por feitos destacados, por logros que enchen aos seus conveciños de orgullo ou por unha vida na que destacase un servizo aos demais, un servizo ao seu pobo. E este é o caso de José Antonio Gilda





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Ferreiro, "Gilda".

Todos coñecíamos a Gilda, este xoven, chegado da Inglaterra, onde os seus pais emigrarán, ven na súa mocidade para a vila de Carral, e ven para cambiar o pobo, para modernizalo, para traer un soplo de aire fresco, pero é casi foi un furacán. Despois do seu paso pola mili, como Boia Verde, feito do que lle gustaba presumir a menudo, comezou a súa vida cotián en Carral, e converteu a do resto en algo mais especial.

Así xa na década dos setenta pon as raíces da que sería unha das máis importantes institucións deportivas e culturais e por suposto xuvenís do noso concello e da bisbarra, a AX Mil e Pico, nome que ven de cando nas primiras excursión Gilda berraba "adiante os mil e pico" os poucos que con él realizaban as primeiras camiñatas e aventuras. Esta asociación pola que pasou a práctica totalidade dos mozos e mozas de Carral encheu a vila de cultura, deportes, actividades, pero sobre todo foi o nexo de unión, o cordón umbilicar que une as distintas xeracións en Carral, esta unión segue a estar presente.

Pero, se a Gilda lle pedían que colaborase, el colaboraba, iso seguro, e así participou na dirección da Peña Carral, que destacaba pola organización da Carreira Popular de Carral, das primeiras que houbo na contorna (xa fai máis de trinta anos da primeira edición). Presidente da UD Carral, Secretario Xeral de Agrupación Socialista de Carral, Presidente da Comisión de Festas durante moitos anos, e ata nos últimos anos nos que presentaba unha saúde delicada formaba parte como actor da obra de teatro "Abril de Lume e Ferro", en definitiva, unha persoa que amaba o seu pobo, pero por encima amaba as súas xentes e demostrábo traballando para él, sen esperar nada a cambio, poñendo o seu tempo e ilusión, o seu corazón e cada unha as cousas que facía.

O ano pasado deixábanos, cando tamén desapareceu a súa AX Mil e Pico, cando a sociedade se alonxa do altruísmo, voluntariado da solidariedade, factores que reunía Gilda, e agora cando debemos, máis que nunca por en valor veciños como el, e por todo isto ademais das gracias eternas que ten e terá do pobo de Carral.

PROPONSE:

Darlle o nome: José Antonio Gilda Ferreiro "Gilda" á recentemente rematada CASA da XUVENTUDE da vila de Carral, en recoñecemento por unha vida a servizo da súa veciñanza.

O día da homenaxe sería o sábado 2 de decembro de 2017 coincidindo coa data do seu nacemento.

En Carral, a 28 de setembro de 2017

Pablo Couto López

Voceiro grupo municipal socialista".

Os/as señores/as concelleiros/as presentes na sesión aplauden unanimemente a intervención.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión, adoptando os seguintes acordos:

1.- Darlle o nome "José Antonio Gilda Ferreiro "Gilda" " á recentemente rematada Casa da Xuventude da vila de Carral, en recoñecemento por unha vida ao servizo da súa veciñanza.

2.- Determinar que o día da correspondente homenaxe será o sábado 2 de decembro de 2017, coincidindo coa data do seu nacemento.

O señor Couto López dá a súas grazas a todas as persoas presentes e o señor Alcalde engada as súas grazas a "Gilda".





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

2.- PROPOSTA DE FIXACIÓN DE FESTAS LABORAIS LOCAIS PARA 2018.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 19 de setembro de 2017, como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

ASUNTO: Proposta de fixación de festas laborais locais para 2018

Con data do 14 de setembro de 2017 recibíuse no Concello (registro de entrada 2.098, do 18 de setembro) un escrito remitido polo Servizo de Traballo e Economía Social da Xefatura Territorial da Coruña da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, solicitando do Concello a proposta de determinación de festas laborais locais para o ano 2018, (de acordo co establecido no artigo 37.2 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real Decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo), e a súa remisión ao departamento territorial da devandita Consellaría antes do 15 de outubro de 2017 (por erro material consta 2018).

En uso das atribucións que me conferen como Alcalde os artigos 21.1 a), e c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante), e 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO**, que, previo o preceptivo ditame da Comisión Informativa correspondente, coma órgano competente ao efecto, de acordo co artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, adopte os seguintes **ACORDOS**:

1.- Propoñer a fixación das seguintes festas laborais locais de Carral (A Coruña) para o ano 2018:

-13 de febreiro de 2018 (Martes de Entroido)

-26 de decembro de 2018 (Santo Estevo)

2.- Comunicar a proposta ao Servizo de Traballo e Economía Social da Xefatura Territorial da Coruña da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia antes do 15 de outubro de 2017."

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión ordinaria do 25 de setembro de 2017 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as nove señores/as concelleiros/as presentes na sesión.

DEBATE

O señor Alcalde explica que o Martes de Entroido vai ser festivo en toda a bisbarra e que se propón tamén o 26 de decembro, San Estevo, patrón de Paleo, porque o Socorro será sábado o ano que vén.

Ningún/ha dos/as concelleiros/as asistentes á sesión desexa realizar ningunha manifestación.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión, adoptando os seguintes acordos:





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

1.- Propoñer a fixación das seguintes festas laborais locais de Carral (A Coruña) para o ano 2018:

-13 de febreiro de 2018 (Martes de Entroido)

-26 de decembro de 2018 (Santo Estevo)

2.- Comunicar a proposta ao Servizo de Traballo e Economía Social da Xefatura Territorial da Coruña da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia antes do 15 de outubro de 2017.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE CARRAL CORRESPONDENTE AO ANO 2016 E RENDICIÓN DELA AO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA E AO TRIBUNAL DE CUENTAS.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 18 de setembro de 2017, como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: Aprobación da conta xeral do Concello de Carral correspondente ao ano 2016 e rendición dela ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Cuentas.

Logo de formar a Intervención do Concello de Carral (A Coruña) a conta xeral correspondente ao exercicio de 2016, e de poñer as contas e a documentación complementaria que a integran a disposición dos/as membros da comisión especial de contas do Concello dende o 28 de xuño de 2017, en cumprimento do establecido no artigo 212.4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a devandita comisión emitiu informe favorábel ao respecto na súa sesión realizada o 21 de xullo de 2017.

En cumprimento do establecido no art. 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, a conta xeral e o devandito informe da comisión especial de contas quedaron expostos ao público por prazo de 15 días dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 142, do 28 de xullo de 2017, durante os cales e oito máis os/as interesados/as tiveron a oportunidade de presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Dado que, segundo o informe emitido o 05 de setembro de 2017 pola auxiliar do rexistro xeral do Concello, durante o devandito prazo non se presentou ningunha reclamación ao respecto, polo que non procede o seu exame pola comisión especial nin a emisión de novo informe,

PROPOÑO AO PLENO

a adopción dos seguintes acordos, en cumprimento do establecido nos artigos 212.4 e .5, e 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, da Lei 7/1988, de 5 de abril, de Funcionamiento do Tribunal de Cuentas, e 25.2 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia:

1.- Aprobar a conta xeral do Concello de Carral correspondente ao exercicio de 2016.

2.- Rendir ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia a devandita conta xeral debidamente





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

aprobada.",

DEBATE

Ningún/ha dos/as concelleiros/as asistentes á sesión desexa realizar ningunha manifestación.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por sete votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, e coas cinco abstencións dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión e do señor concelleiro do grupo municipal mixto (ACC-SON), adoptando os seguintes acordos:

- 1.- Aprobar a conta xeral do Concello de Carral correspondente ao exercicio de 2016.
- 2.- Rendir ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia a devandita conta xeral debidamente aprobada.

PARTE DA SESIÓN DE CONTROL DOS DEMAIS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN

4.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA E, NO SEU CASO, DE REPAROS DA INTERVENCIÓN DO CONCELLO.

O señor Alcalde expón que os/as señores/as membros da Corporación tiveron á súa disposición os seguintes decretos ditados pola Alcaldía entre o 31 de xullo de 2017 e o 25 de setembro de 2017 (dende a anterior sesión ordinaria do Pleno, até a convocatoria da presente sesión plenaria), dos que se deu conta ao Pleno.

Nº	DATA	ASUNTO
272/2017	31/07/2017	Asunto: Comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular por permiso por asuntos particulares (arts. 118 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e 48.k) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público) o día 02 de agosto de 2017.
273/2017	01/08/2017	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 17/2017
274/2017	01/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Antonio Rodríguez Fuentes (EXP. LP 23/2017)
275/2014	02/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Antonio García García (EXP. LP 24/2017)
276/2017	02/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Claudio Ponte Mosquera (EXP. LP 25/2017)
277/2017	02/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Miguez y Couto S.L. (EXP. LP 26/2017)
278/2017	03/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca María Paloma del Moral Crespo (EXP. LP 27/2017)
279/2017	03/08/2017	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 11/2017)





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

280/2017	04/08/2017	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 16/2017
281/2017	07/08/2017	Asunto: Iniciación do expediente de contratación da obra "Demolición parcial e rehabilitación de edificio para uso como Aula da Natureza", incluída no Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) da Deputación Provincial da Coruña do ano 2016.
282/2017	07/08/2017	Asunto: Adxudicación contrato: Obra "Mellora estrada Abrigosa-Fonte Moura", ao abeiro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2016, da Deputación Provincial da Coruña.
283/2017	07/08/2017	Asunto: Adxudicación contrato: Obra "Mellora de estrada municipal en Bulleiros, Concello de Carral", ao abeiro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2016, da Deputación Provincial da Coruña.
284/2017	07/08/2017	Asunto: Adxudicación contrato: Obra "Mellora de viais e de seguridade dos mesmos dentro do Parque Empresarial dos Capelos", ao abeiro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2016, da Deputación Provincial da Coruña.
285/2017	07/08/2017	Contrato: Adxudicación contrato: "Mellora de estrada municipal en Pedrido, Concello de Carral", ao abeiro do Plan de Acción Social (PAS) 2015, da Deputación Provincial da Coruña.
286/2017	07/08/2017	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 12/2017)
287/2017	07/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Promociones Berdez (EXP. LP 28/2017)
288/2017	08/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/as D. Manuel Rey Ruanova (EXP. LP 29/2017)
289/2017	08/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca M. Felicitas Meijide Roel (EXP. LP 30/2017)
290/2017	09/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca José Antonio Seoane Seoane (EXP. LP 31/2017)
290bis/2017	09/08/2017	Resolución inicio procedementos sancionadores de tráfico (27)
291/2017	10/08/2017	Asunto: Convocatoria Xunta Goberno Local 13/2017 Ordinaria.
292/2017	11/08/2017	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 14/2017)
293/2017	11/08/2017	Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións de dependencia e libre concorrencia -(XULLO de 2017)
294/2017	11/08/2017	Asunto: Agrupación cos concellos de Cerceda e Tordoia para a solicitude dunha axuda á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia ao abeiro da Orde do 11 de xullo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia durante os anos 2017 e 2018.
295/2017	14/08/2017	Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (agosto de 2017)
296/2017	16/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/as D. Ramiro García Mejuto (EXP. LP 32/2017)
297/2017	16/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Francisco Orgeira Fernández (EXP. LP 33/2017)





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

298/2017	16/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D ^a . María Cruz Gómez García (EXP. LP 34/2017)
299/2017	17/08/2017	Asunto: Xunta de Goberno Local 14/2017 Extraordinaria
300/2017	17/08/2017	Asunto: Licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos nº 18 (Exp P.P. Óscar Liñares Calviño)
301/2017	17/08/2017	Asunto: Inscrición no registro de animais potencialmente perigosos nº 23 (Exp Pit Bull- Atenea, Óscar Liñares Calviño)
302/2017	18/08/2017	Asunto:Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra "Mellora de viais e de seguridade dos mesmos dentro do Parque Empresarial dos Capelos", ao abeiro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2016, da Deputación Provincial da Coruña.
303/2017	18/08/2017	Asunto:Incoacion expediete orde execución limpeza finca D. Antonio Galmán Brandariz (EXP. LP 35/2017)
304/2017	18/08/2017	Asunto:Incoacion expediete orde execución limpeza finca D ^a . Olga Dolores García Bermúdez (EXP. LP 36/2017)
305/2017	18/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. José Manuel Pérez Barros (EXP. LP 37/2017)
306/2017	21/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D ^a . María Cruz Torres Barbeito (EXP. LP 38/2017)
307/2017	21/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D ^a . Amelia Torres Barbeito (EXP. LP 39/2017)
308/2017	21/08/2017	Asunto: Concesión urxente de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a D ^a . Avelina Martínez Pan
309/2017	22/08/2017	Asunto: Aprobación e pagamento á Consellaría de Facenda da Xunta de Galicia de taxa por "Autorización para a ampliación do horario para as Festas do Socorro"
310/2017	23/08/2017	Asunto:Convocatoria Xunta Goberno Local 15/2017 Extraordinaria.
311/2017	24/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/as D. Juan Manuel Salvador Salcedo (EXP. LP 40/2017)
312/2017	24/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D ^a . María Jesús Varela García (EXP. LP 41/2017)
313/2017	25/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. José Antonio Alvedro Boedo (EXP. LP 42/2017)
314/2017	25/08/2017	Asunto:Convocatoria Xunta Goberno Local 16/2017 Ordinaria.
315/2017	25/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca CLIREF LUGO, SL (EXP. LP 43/2017)
316/2017	25/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Eduardo Díaz Calvo (EXP. LP 44/2017)
317/2017	25/08/2017	Asunto:Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra "Mellora estrada Abrigosa-Fonte Moura", ao abeiro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2016, da Deputación Provincial da Coruña.
318/2017	25/08/2017	Asunto:Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra "Mellora de estrada municipal en Bulleiros. Concello de Carral", ao abeiro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2016, da Deputación Provincial da Coruña.
319/2017	27/08/2017	Asunto:Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra "Mellora de estrada municipal en Pedrido. Concello de Carral", ao abeiro do Plan de Acción Social (PAS) 2015, da Deputación Provincial da Coruña.
320/2017	28/08/2017	Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 18/2017





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

321/2017	29/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D ^a . Josefa Pereira Busto (EXP. LP 45/2017)
322/2017	29/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D ^a . María Isabel Pereira Busto (EXP. LP 46/2017)
323/2017	29/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Adrián Cacharrón Gómez (EXP. LP 47/2017)
324/2017	31/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Angel Ramón Oca Iglesias (EXP. LP 48/2017)
325/2017	31/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Terra Nosa Construcciones, SA (EXP. LP 49/2017)
326/2017	31/08/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D ^a Raquel Lijo López (EXP. LP 50/2017)
327/2017	01/09/2017	Asunto: Comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular por permiso para concorrer a exames finais (art. 111 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia) os días 4, 7 e 14 de setembro de 2017.
328/2017	11/09/2017	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 15/2017)
329/2017	11/09/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/asD. Manuel Barbeito Andrade (EXP. LP 51/2017)
330/2017	12/09/2017	ÓRGANO COLEXIADO: Xunta de Goberno Local, sesión 17/2017 Ordinaria
331/2017	12/09/2017	Asunto: Adquisición a D ^a María Carmen Castro Pérez e D ^a María Paula Iglesias Castro mediante compravenda e por adxudicación directa, dunha finca sita á marxe do Río Brexa.
332/2017	13/09/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. José Ángel Díaz Sánchez (EXP. LP 52/2017)
333/2017	13/09/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D ^a . María José Tabeayo Galdo (EXP. LP 53/2017)
334/2017	13/09/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D ^a . Amelia Pose Caamaño (EXP. LP 54/2017)
335/2017	13/09/2017	Asunto: Redución horaria semanal na prestación do servizo de axuda no fogar de D ^a . Palmira Blanco López
336/2017	13/09/2017	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a D ^a . Olimpia Trigo Miranda
337/2017	15/09/2017	Contrato: Obra "Demolición parcial e rehabilitación de edificio para uso como Aula da Natureza", incluída no Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) da Deputación Provincial da Coruña do ano 2016. Procedemento: Negociado sen publicidade (non suxeito a regulación harmonizada). Criterios de negociación: Varios (segundo pregos-tipo da Deputación Provincial da Coruña) Trámite: Adxudicación.
338/2017	18/09/2017	Asunto: Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra "Demolición parcial e rehabilitación de edificio para uso como Aula da Natureza", incluída no Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) da Deputación Provincial da Coruña do ano 2016.
339/2017	19/09/2017	Asunto: Comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular por permiso por asuntos particulares (arts. 118 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e 48.k) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público) os días 21 e 22 de setembro, 20 de outubro, 24 e 27 de novembro, e 26 de decembro de 2017.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

340/2017	19/09/2017	Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (setembro de 2017)
341/2017	20/09/2017	Asunto: CONVOCATORIA Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno. Sesión 7/2017 Ordinaria
341bis/2017	21/09/2017	Asunto: Resolución Inicio expedientes sancionadores de tráfico (15)
342/2017	25/09/2017	Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións de dependencia e libre concorrencia -(AGOSTO de 2017)
343/2017	25/09/2017	Asunto: Convocatoria Pleno sesión 7/2017 Ordinaria (xoves 28 de setembro de 2017 ás 12:00 horas)

5.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO

O señor Alcalde pregunta se algún grupo municipal desexa presentar algunha moción, segundo o establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante) e, dado que o señor voceiro do grupo municipal mixto/ACC indica que si, procédese de seguido segundo o establecido no artigo 91.4 ROF en relación ás mocións que presenta tal grupo municipal.

5.1.- Moción do grupo municipal mixto-ACC/SON denominada "Moción sobre Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia".

EXPOSICIÓN

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC) presentou por escrito a moción cuxo texto se transcribe a continuación:

"Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE CARRAL

O concelleiro da Asemblea de Carral e voceiro do grupo municipal, César Bergondo, formula a seguinte **MOCIÓN SOBRE LEI DE FOMENTO DA IMPLANTACIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS EN GALICIA (10/PPL-000009)**, ao obxecto de ser inculda na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte

Exposición de motivos

Estes días estase a tramitar no Parlamento Galego a proposición de Lei de fomento de implantación de iniciativas empresariais en Galicia (10/PPL-000009), a cal se trata dunha lei inxusta, insostible e que atenta contra o medio ambiente e a cidadanía galega. Isto é debido á flexibilidade que vai dar lugar a mesma en materia medioambiental, pero tamén no eido social, político e económico. Deste xeito pretende fomentar unha masiva construción de eólicos na nosa terra (inclusive na rede natura), levar a cabo unha posta en marcha da minaría contaminante, acurtar os prazos de información pública á cidadanía e propiciar a creación/mantemento dunha especie de monopolio das grandes corporacións en canto á xestión e aproveitamento dos recursos dos que goza a nosa Galicia; deixando nun último plano ás pequenas empresas, ao agro, aos traballadores/as do mar..., en definitiva: aos dereitos das galegas e galegos e á sostibilidade da súa contorna.

Por todo isto, dende a Asemblea de Carral

SOLICITAMOS

1.- Que o equipo de goberno do concello medie par que a presente Lei non se aprobe nin se implante.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Carral, a 28 de setembro de 2017

Fdo. César Bergondo
Voceiro da Asemblea Cidadá de Carral".

O señor Alcalde opina que non se trata dun asunto urxente, pois só hai un esbozo da lei, e coida que, en calquera caso, os recursos do petróleo contaminan máis e, se todos apostamos polas enerxías renovables coma a eólica, haberá que escoller unha cousa ou outra, pois os encoros tamén alteran os ríos, ou a eólica o hábitat dos paxaros, mais o petróleo é o que máis CO2 xera. Engade que aínda non hai lei nin está presentada no Parlamento, e que o asunto se poderá retomar cando se presente.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada con sete votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a o voto a favor do señor concelleiro do grupo mixto (ACC-SON), e con catro abstencións dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión, polo que non se pasa ao seu ulterior debate e votación.

5.2.-Moción do grupo municipal mixto-ACC/SON denominada "Moción adaptación aparcadoiros de persoas con problemas de mobilidade".

EXPOSICIÓN

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC) presentou por escrito a moción cuxo texto se transcribe a continuación:

Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE CARRAL

O concelleiro da Asemblea de Carral e voceiro do grupo municipal, César Bergondo, formula a seguinte **MOCIÓN ADAPTACIÓN APARCADOIROS DE PERSOAS CON PROBLEMAS DE MOVILIDADE**, ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte

Exposición de motivos

Tras a revisión e análise dos diferentes aparcamentos par personas con mobilidade reducida existentes en Carral, podemos afirmar que estes están incumprindo a lei vixente en materia de accesibilidade, tanto a nivel autonómico (Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidades e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia) como a nivel estatal (Lei de 13/2014, de 30 de outubro, de accesibilidade). Con isto, os dereitos das persoas con discapacidade física e mobilidade reducida vense limitados e deslexitimados, impedindo a libre e segura mobilidade das mesmas, ao igual que a súa participación social na comunidade. Deste xeito, estanse a desenvolver pasos axigantados de retroceso en materia de accesibilidade, propiciando a imposibilidade do deseño universal necesario para lograr unha vida digna da cidadanía do noso pobo.

Polo tanto, dende a Asemblea de Carral.
Por todo isto, dende a Asemblea de Carral

SOLICITAMOS

1.-A revisión de todos os aparcamentos para as persoas con mobilidade reducida, considerando a lexislación vixente.

2.-A modificación de todos aqueles aparcamentos que se atopan incumprindo a lei, establecendo aparcamentos para as persoas con mobilidade reducida que permitan a accesibilidade real conforme dita lexislación.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Carral, a 28 de setembro de 2017

Fdo. César Bergondo
Voceiro da Asemblea Cidadá de Carral".

O señor Bergondo Trillo explica que saben que quizais non sexa urxente a proposta, mais indica que se fai para que se vaia levando a cabo, pois, ao seu xuízo, hai moitos aparcadoiros que non se adaptan á realidade e á lei, coma por exemplo os sesgadios que terían que ser en recto, ou as beirarrúas demasiado altas para as cadeiras de rodas. Por todo iso pide que, aínda que non se aceptase a moción, se vaian modificando as deficiencias pouco a pouco.

O señor Alcalde resposta que considera oportuna a moción, e explica que hai tempo que se encargou un proxecto de mobilidade, e que o estudo está feito, para o que se solicitaron axudas. Por outra banda, explica que os novos aparcadoiros que se van facendo, coma os de Uxío Novoneyra, xa cumpren coa normativa.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é aprobada por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión, polo que se pasa ao seu ulterior debate e votación.

DEBATE

Porén, ningún/ha concelleiro/a desexa realizar ningunha outra manifestación.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a moción, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes na sesión, adoptando os seguintes acordos:

- 1.- A revisión de todos os aparcamentos para as persoas con mobilidade reducida, considerando a lexislación vixente.
- 2.- A modificación de todos aqueles aparcamentos que se atopen incumprindo a lei, establecendo aparcamentos para as persoas con mobilidade reducida que permitan a accesibilidade real conforme dita lexislación.

6.-ROGOS E PREGUNTAS.

6.1.-Rogos e preguntas do señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON)

1.- O señor Bergondo Trillo indica que quere facer un rogo para que o Concello fale con Correos. Explica que os veciños da urbanización do Castelo do Monte Xalo lle manifestaron que o carteiro que reparte alí o correo é o de Cerceda e que, nesa oficina, o horario de recollida de envíos é só de 9:30 a 10:30 horas de luns a venres, coas dificultades que iso conleva. Ademais, explica que o correo se envía da Coruña á oficina de Carral, e que desta se envía a Cerceda, aínda que teñen o código postal 15.175. Coida que por iso, e pola maior cercanía da oficina, debería repartir lles o correo o carteiro de Carral e, por tanto, pide que o Concello medie con Correos ao respecto, xa que facilitaría especialmente a recollida de envíos certificados.

2.- O señor Bergondo Trillo pregunta por que a matrona está a tempo parcial, en lugar de toda a mañá, coma hai uns anos.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

3.- O señor Bergondo Trillo pregunta cando se vai arranxar a estrada da Igrexa de Beira, pois hai nela un rego que semella un río.

4.- Pregunta ao señor concelleiro de servizos como foi o verán en relación aos niños das vespas velutinas.

5.- Manifesta que, en relación coa obra da Rúa Uxío Novoneyra, hai queixas de veciños porque non poden saír dos garaxes ou porque hai colectores de lixo a menos de dous metros de entradas de casas. Asemade, considera que se suprimiu moito máis da metade das prazas de aparcadoiro e que se puxo un sinal de carga e descarga en horario de mañá e tarde diante da zapatería, que non foi demandado por ningún comercio. Ademais, indica que se pintou un xogo infantil dunha "mariola" no Curro, onde non hai rapaces.

6.- Pregunta que foi dalgúns expedientes sobre os que xa preguntou en repetidas ocasións anteriores (no que denomina "preguntas perdidas"), coma a UA5, o PXOM, o ROM (en relación ao cal pide que o señor Alcalde non rsposte que lle vai mandar os de Culleredo e Cambre, pois xa pode lellos en internet e o que quere é un de seu de Carral). Tamén lembra que seguen a esperar dende hai meses polos pregos para a contratación dos traballos de limpeza viaria e do servizo de axuda no fogar.

6.2.- Preguntas do señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE)

1.- O señor Couto López indica que non pasou ultimamente polo patio do colexio, mais que preguntaron ao Xefe Territorial de Educación, e que coida que aínda non arrincaron as obras.

2.- Opina que na prolongación da Rúa do Pan hai sinais caóticos e pregunta se se vai reordear.

3.- Pregunta se xa entrou en vigor a normativa de terrazas e se xa se está a aplicar.

4.- Manifesta que o diario La Opinión publicou que o GDR das Mariññas vai subvencionar oito proxectos na comarca, entre outros, en concellos coma Sada ou Cambre, e pregunta se non se pediron subvencións a tal GDR.

5.- Indica que o IDAE (Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía) sacou unha liña de subvencións de até o 80% das obras a fondo perdido, en lugar de préstamos sen xuros, cos que non son compatibles, e pregunta por que non esperaron para solicitar ao seu cargo a renovación da iluminación pública.

6.- Manifesta que, ao final xa se fixo a licitación da obra da aula da natureza, e que quere remarcar que non se van tocar os accesos, nunha parcela rodeada dunha zona sen urbanizar e con saída perigosa. Coida que hai un permiso de Estradas do Estado porque non é esperable un incremento do tráfico no actual acceso, mais que cando funcione a aula e haxa actos nela, multiplicarase o fluxo de circulación. Considera que se debería estudar o asunto para non causar problemas de seguridade alí. Engade que non vai entrar nun contencioso por non perder os cartos o Concello, mais pide que se faga ben e non a retallos.

7.- Expón que no xornal editado polo Concello se fala da mellora dos accesos á Brexa cun paso elevado e manifesta que non entende que se pretenda facer alí, coa chea de cartos que custaría para cruzar 20 ou 30 metros, mentres se nega para o IES (Instituto de Ensino Secundario).





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

8.- No tocante ás liñas azuis pintadas na Costa do Pincho, coida que se terían gañado máis prazas, unhas sete ou oito, ordenando as que hai, Opina que o lugar elixido non é o correcto, ao tratarse dunha curva con mala visibilidade na que é complicado entrar e saír. Considera que se debería buscar unha zona máis axeitada, pois alí é moi difícil cruzar con nenos ou con cadeiras, e para o paso de peóns hai que ir até o Panteón. Tendo en conta que aínda non hai sinais verticais, pregunta se vai manter as prazas azuis ou se vai desistir e pintalas de novo de branco.

9.- Indica que o 30 de setembro vai finalizar o prazo de inscrición para os cursos das escolas municipais, para os que se estableceu un mínimo de 15 alumnos, e coida que sería bo que se trouxesen os seus expedientes ao Pleno para saber cales quedaron case cubertos e se é factible que o Concello faga que funcionen pois, en caso contrario, na súa opinión, só haberá escolas de fútbol, ximnasia rítmica e dous ou tres mías, pero non doutras actividades máis minoritarias.

10.- Manifesta que oiu que a varanda do Parque Infantil do Campo da Feira non cumpre, e lembra que levan dicíndoo durante dous anos. Engade que o arquitecto municipal lle dixo que ten que levar un certificado oficial para saber se cumpre ou non e que solución se lle pode dar. Por outra banda, lamenta o corte dunha árbore, estivese enferma ou non.

6.3.-Respostas do señor Alcalde

O señor Alcalde manifesta que toma nota da problemática relativa a Correos, mais coida que o código postal na zona non é o mesmo [O señor Bergondo replica que si é o 15175, e que lle pode amosar as cartas, mais engade que non hai ningunha queixa en relación aos carteiros]. O señor Alcalde engade que se deberían polo menos deixar os envíos en Carral para que os poidan recoller alí.

No referente á problemática da matrona, explica que sanidade está pendente de reestruturacións dos servizos facultativos, para que pediatría estea máis tempo, pois a matrona está compaxinada dende que hai o PAC. Aínda que a Consellaría sempre informa que se cumpre, en pediatría é onde máis se nota que hai poucas horas de servizo. [O señor Couto López engade que houbo unha pregunta parlamentaria ao respecto, e que non houbo resposta]. O señor Alcalde coida que, aínda que nos informes se diga que no Centro de Saúde de Carral se cumpre a ratio, e que o resto dos centros está peor, tampouco nos soluciona nada. Opina que teñen que poñer máis persoal, pois unha porcentaxe alta de xente quere vacacións no verán, e non hai forma de contratar outros, e non por falla de orzamento. Engade que non se poden evitar as baixas e as vacacións do persoal, e que iso sempre altera o funcionamento do servizo. Engade que están pendentes do percorrido do Conselleiro por todos os concellos de Galicia, e que cando veña a Carral en outubro tentarán facerlle ver que queremos outro tipo de atención.

No tocante á pista de Beira a Argonte, explica que teñen os proxectos, mais que a tramitación dos plans é lenta e a nosa contratación non é das máis rápidas.

En relación ás vespas velutinas, o señor Barbeito Rey, concelleiro de servizos, explica que se retiraron noventa e catro niños, mais o señor Alcalde engade que hai máis.

No referente á obra da Rúa Uxío Novoneyra, indica que é certo que ás veces nos proxectos non se paran a ver todos os problemas, e que haberá que reubicar algunha entrada de aparcadoiro e morder algunha esquina de beirarrúa, e que é complicado situar os colectores de lixo, porque hai bastantes portais [O señor Bergondo replica que, por exemplo, a Finca de Andrés ou a zona de Aluminios Prado está sen edificar, e puxeron colectores diante das casas]. Sobre a zona de carga e descarga, o señor Alcalde opina que é necesaria para os coches para os bancos e para os furgóns de reparto. En relación á "mariola", explica que no proxecto estaba previsto que non





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

aparcasen coches na rúa sen saída, para dotar de seguridade aos nenos, mais que pola polémica se porá no Campo da Feira ou a Capela, e alí poden caber seis ou sete coches. Engade que a idea é que poida haber unha praciña no futuro e que non houbo interese en relación a ningún bar.

Sobre o que o señor Bergondo denominou "preguntas perdidas", explica que os expedientes da UA5 e do PXOM están en mans dos redactores, e que Estudio Técnico Gallego está a preparar unha proposta de contestación ás alegacións, que queren baixa densidade, e que semellan asumibles na súa maioría. O señor Bergondo pregunta se se vai facer un novo proxecto, ao que o señor Alcalde resposta que si, de baixa densidade, e que xa vai tamén no PXOM. Explica que o estudo das alegacións do PXOM tamén está rematado, mais que falta plasmarlas en planos, e que os redactores fiñan previsto entregalas en setembro, mais que o farán a semana que vén pola vacacións dos seus técnicos e dos do Concello.

Sobre O ROM, explica que deu ordes para que lle pasasen copias dos de Culleredo e abegondo, para que marquen neles o que consideran que está ben ou mal e engadan o que propoñan. [O señor Bergondo replica que levan dous anos "só para esa cousiña"]. Sobre a limpeza viaria e o servizo de axuda no fogar, explica que están pendentes da súa contratación e que esperan sacala [O señor Bergondo replica que en febreiro dicían que estaban a punto de sacalos e seguimos a punto].

Indica que a obra do patio do colexio a fará a mesma empresa cá do Parque Infantil do Campo da Feira en catro ou cinco días, cando rematen aquí, pois apremia o prazo de entrega.

Sobre o "caos" da Rúa do Pan, recoñece que ten razón, e que habería que anhear as beirarrúas, e que non hai sinais. A señora Blanco Fidalgo resposta que si hai sinais pintadas no chan, e que a dirección é única, e preguntase quen tería a culpa en caso de accidente.

No referente á ordenanza de terrazas, explica que se presentou unha alegación, e que haberá que resolvela para decidir se os seus horarios deben coincidir cos dos establecementos a que corresponden ou han de ser outros.

Sobre o GDR, explica que se solicitou unha axuda oara a construción dunha cuberta para as pistas de pádel.

En relación co IDAE, explica que se falaba de que habería fondos mais para grandes cidades, e que sacaron esta nova liña sen que se soubese con anterioridade. Engade que ao seu abeiro se solicitaron axudas para aforro enerxético mediante o acondicionamento dos edificios dos locais sociais de San Vicente e das Travesas, e que se presentaron as solicitudes ao día seguinte do inicio do prazo, pois se colapsaron os servidores do IDAE, e que aínda non hai constancia da resolución.

Explica que a obra da aula da natureza está adxudicada e que se está traballando nela. Engade que o acceso importante vai ser polo polígono, á beira do punto limpo, que quizais se elimine o do outro lado, e que se está a traballar niso. O señor Couto pregunta que se vai facer mentres.

Sobre a pasarela da Brexa, explica que non é unha ponte colgante senón unha pasarela coma a das praias, de 36 metros de madeira tratada, que pode costar uns 3.800 euros, e que está pendente da adquisición doutro terreo na Brexa.

En relación coas liñas azuis, explica que a empresa comezou a pintar as zonas amarelas e azuis e a repoñer os pasos de peóns, e que está previsto de branco pola zona de Andrés ou do Alpendre. Engade que se optou por esa zona porque hai uns 18 negocios en menos de 50 metros, e porque





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

é a zona máis ancha para poder ver a costa, e non por beneficiar ou prexudicar a ninguén. Coida que a zona azul funciona ben no Campo da Feira, e que polas mañás sempre hai prazas sen que a Policía teña que estar enriba de se pasaron 5 minutos do tempo límite, pois verifica que se poña o número e que non se estea a mañá enteira. Explica que na nova zona azul faltan os sinais verticais, e que cre que van quedar ben.

No relativo ás escolas municipais, explica que todos os anos hai desilusións, pois nalgúnhas só se apuntan tres ou catro persoas; engade que pasará a información daquelas nas que se apunten unhas dez persoas en canto a teñan, para ver se se poden anotar outras dúas ou tres para acadar os cursos entre todos. Recoñece que se fai o folleto con moita ilusión e ás veces non se consegue.

Explica que a árbore que se cortou no Campo da Feira estaba podre até a metade e que tamén se propuxo cortar outra que tiña dúas pólas apoiilladas, mais que se dixo que non. Engade que ten fotos diso, e que as árbores teñen o seu período de vida, coma todos, e que acaban morrendo. Explica que no Manzanares en Madrid veñen de cortar unha seiscentas, pois hai que facelo se están enfermas, para non ter que lairse se logo cae unha póla. Asemade, indica que se trata de plantar tres por cada unha que se corta, e que se plantaron cerdeiras, castiñeiros e carballos na Brexa, e tamén froiteiras nos Capelos.

Sobre a varanda do Parque Infantil do Campo da Feira, manifesta que vai cumprir todas as normas, e que na da zona de abaixo se vai poñer unha tea en lugar de barrotes no medio dos que hai, para evitar atrapamentos.

Ao non existir máis temas que tratar, ás 12 horas e 59 minutos, o Señor Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de dezaseis páxinas numeradas do un ao dezaseis , e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel ordinario até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

José Luis Fernández Mourino

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doval